

SUBGRUPO A2-TEMA 9-INCOMPATIBILIDADES-GALEGO

TEMA 9- LEI 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas

1. Con respecto á percepción de remuneracións, sinala o artigo 1 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas que:

- a) Non se poderá percibir, salvo nos supostos previstos na devandita lei, máis dunha remuneración con cargo aos orzamentos das administracións públicas.
- b) Non se poderá percibir en ningún caso máis dunha remuneración con cargo aos orzamentos das administracións públicas.
- c) Poderán recibirse ata un máximo de dúas remuneracións con cargo aos orzamentos das administracións públicas.

2. Segundo o que se deduce do artigo 2 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, esta lei non será de aplicación:

- a) Ao persoal que preste servizos en empresas en que a participación do capital, directa ou indirectamente, das administracións públicas non sexa superior ao 50 por 100.
- b) Ao persoal que desempeñe funcións públicas e perciba as súas retribucións mediante arancel.
- c) Ao persoal ao servizo da seguridade social.

3. De acordo co sinalado polo artigo 3 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, a autorización de compatibilidade efectuarase:

- a) En todo caso, en razón do interese público.
- b) En todo caso, en razón do interese xeral.
- c) Se é o caso, en razón do interese público.

4. Poderá autorizárselles a compatibilidade aos catedráticos e profesores titulares de universidade e aos catedráticos de escolas universitarias para o desempeño dun segundo posto de traballo no sector público sanitario ou de carácter investigador en centros públicos de investigación, sempre que conorra algunha das seguintes circunstancias (artigo 4 Lei 53/1984, do 26 de decembro):

- a) Que a compatibilidade sexa solicitada pola universidade da que proveña.
- b) Que sexa dentro da área de especialidade do seu departamento universitario.
- c) Que un dos dous postos veña regulamentariamente autorizado como de prestación a tempo parcial.

5. Sinala o artigo 5 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas que, por excepción, o persoal incluído no ámbito de aplicación desta lei poderá compatibilizar as súas actividades co desempeño dos cargos electivos seguintes:

- a) Membros das asembleas legislativas das comunidades autónomas en todo caso.
- b) Membros das corporacións locais, salvo que desempeñen nestas cargos retribuídos en réxime de dedicación exclusiva.
- c) Membros do Senado.

SUBGRUPO A2-TEMA 9-INCOMPATIBILIDADES-GALEGO

6. Sen prexuízo do previsto no artigo 4.3 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, ao persoal incluído no ámbito desta lei poderá autorizárselle a compatibilidade para o exercicio de actividades de investigación de carácter non permanente ou de asesoramento, en supostos concretos que non correspondan ás funcións do persoal adscrito ás respectivas administracións públicas (artigo 6 Lei 53/1984, do 26 de decembro):

- a) En ningún caso.
- b) En todo caso.
- c) Excepcionalmente.

7. Será requisito necesario para autorizar a compatibilidade de actividades públicas que a cantidade total percibida por ambos os postos ou actividades non supere a remuneración prevista nos orzamentos xerais do Estado para o cargo de director xeral, nin supere a correspondente ao principal, estimada en réxime de dedicación ordinaria, incrementada, para os funcionarios do grupo A2 en (artigo 7 Lei de 53/1984, do 26 de decembro):

- a) Un 35 por 100.
- b) Un 40 por 100.
- c) Un 30 por 100.

8. Será requisito necesario para autorizar a compatibilidade de actividades públicas que a cantidade total percibida por ambos os postos ou actividades non supere a remuneración prevista nos orzamentos xerais do Estado para o cargo de director xeral, nin supere a correspondente ao principal, estimada en réxime de dedicación ordinaria, incrementada en (artigo 7 Lei de 53/1984, do 26 de decembro):

- a) Un 40 por 100, para os funcionarios do grupo A2 ou persoal de nivel equivalente.
- b) Un 50 por 100, para os funcionarios do grupo C2 ou persoal equivalente.
- c) Un 30 por 100, para os funcionarios do grupo A1 ou persoal de nivel equivalente.

9. Establece o artigo 8 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas que o persoal incluído no ámbito de aplicación desta lei non poderá pertencer a máis de dous consellos de administración ou órganos de goberno de entidades ou empresas públicas ou privadas:

- a) En ningún caso.
- b) Salvo que se autorice, excepcionalmente, para supostos concretos mediante acordo do Goberno, órgano competente da comunidade autónoma ou Pleno da corporación local correspondente.
- c) Se se superan os límites de remuneración establecidos na propia lei para autorizar a compatibilidade de actividades públicas.

10. Quen acceda por calquera título a un novo posto do sector público que, conforme á Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, resulte compatible co que viñese desempeñando, deberá instar a autorización de compatibilidade (artigo 10 Lei 53/1984, do 26 de decembro):

- a) Dentro do prazo de toma de posesión.
- b) Nos vinte primeiros días do prazo de toma de posesión.
- c) Nos dez primeiros días do prazo de toma de posesión.

SUBGRUPO A2-TEMA 9-INCOMPATIBILIDADES-GALEGO

11. Poderá determinar, con carácter xeral, as funcións, postos ou colectivos do sector público, incompatibles con determinadas profesións ou actividades privadas que poidan comprometer a imparcialidade ou independencia do persoal de que se trate, impedir ou menoscabar o estrito cumprimento dos seus deberes ou prexudicar os intereses xerais (artigo 11 Lei 53/1984, do 26 de decembro):

- a) O Goberno, por real decreto.
- b) O ministerio da presidencia, por orde.
- c) O ministerio competente en materia de administracións públicas, por orde.

12. De acordo co artigo 12 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, as actividades privadas que correspondan a postos de traballo que requiran a presenza efectiva do interesado durante un horario igual ou superior á metade da xornada semanal ordinaria de traballo nas administracións públicas:

- a) Non poderán autorizarse en ningún caso.
- b) Só poderán autorizarse cando a actividade pública sexa unha das enunciadas na devandita lei como de prestación a tempo parcial.
- c) Só poderán autorizarse por razóns motivadas de interese público.

13. O persoal comprendido no ámbito de aplicación da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas non poderá exercer o desempeño de actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexa por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de entidades ou particulares, nos asuntos en que interviñese (artigo 12 Lei 53/1984, do 26 de decembro):

- a) Nos dous últimos anos.
- b) Nos cinco últimos anos.
- c) Nos tres últimos anos.

14. Conforme ao sinalado polo artigo 14 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, a resolución motivada na que se recoñeza a compatibilidade ou se declare a incompatibilidade ditarase no prazo de:

- a) Un mes.
- b) Dous meses.
- c) Tres meses.

15. Que deberá facer quen estea autorizado para o desempeño dun segundo posto ou actividade públicos? (artigo 14 Lei 53/1984, do 26 de decembro):

- a) Deberá solicitar a excedencia voluntaria por interese particular.
- b) Deberá elixir o organismo polo que prefira recibir as súas remuneracións principais.
- c) Deberá instar o recoñecemento de compatibilidade con ambos.